

# **PROXECTO LINGÜÍSTICO**

*Curso 2020/2021*

**Cpr Agarimo**

## **ÍNDICE**

### **- Introducción**

### **- Criterios para determina a lingua predominante no contorno**

Determinación da situación sociolingüística do centro.

Interaccións comunitarias

Conclusión

### **- Planificación lingüística**

Obxectivo do proxecto

Obxectivos nas aulas de necesidades específicas de apoio educativo.

Obxectivos para a Educación Secundaria para Persoas Adultas (ESA)

Obxectivos para a FPB

Avaliación para todos os niveis do centro.

Metodoloxía para todos os niveis do centro.

### **- Dinamización lingüística**

Actividades

Obxectivos para a dinamización lingüística.

## **INTRODUCCIÓN**

O Departamento lingüístico do centro encargado de facer este proxecto normalizador da lingua, realizou primeiramente unha avaliación de todo o traballo que fose desenrolando ó longo de todo o curso no departamento de Normalización lingüística, e os logros acadados tanto positiva como negativamente en canto á normalización da lingua galega se refire.

- Como se recolle no Decreto 124/2007 do 28 de xuño, no seu artigo 14, que cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico no que se fará constar:

- As linguas que débense empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 7º a 12º.
  - As oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso da lingüístico escolar e educativo, co fin de acadar o obxectivo establecido na lei de normalización lingüística e na LOE no que afecta ao fomento de plurilingüismo.
  - Os criterios para determinar a lingua predominante do contorno á que se refire o artigo 7º deste decreto.
  - As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.
- 
- O proxecto lingüístico formará parte do proxecto educativo do centro educativo. Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo equipo directivo, oída a comisión de coordinación pedagóxica. Na súa composición terán especial relevancia o equipo de normalización e dinamización lingüística e os compoñentes dos departamentos doutras linguas.
  - O proxecto lingüístico do centro será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.
  - Así mesmo, no marco do proxecto lingüístico fomentarse o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.
  - En todo caso, para facer efectivo o dereito á educación o profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua galega poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan.
  - Sen prexuízo do previsto na epígrafe deste artigo, a administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará un seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as

medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística previa de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14 3º da lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

## **CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO**

O colexio Agarimo é un CPR de sesenta alumnos de Educación secundaria para adultos, Educación Especial e Formación Profesional Básica (FPB)

O centro está situado no concello de Arteixo, un concello limítrofe á cidade da Coruña.

A maioría dos alumnos que acuden ao centro pertencen o concello de Arteixo e na súa maioría son castelanfalantes.

Hai que ter moi en conta que Arteixo conta cunha ampla poboación de inmigrantes, na súa maioría marroquís, que non teñen nin sequera o inglés como lingua de procedencia. A estes alumnos haberá que acercarlles a lingua galega de xeito atractivo e motivador, xa que haina que aprender por obriga e como consecuencia será unha materia máis a estudar.

### **1. Determinación da situación sociolingüística do centro.**

A análise sociolingüística realizada no noso centro estivo baseada no contexto xeográfico e cultural. Realizáronse enquisas as familias, ó alumnado e ao profesorado do centro.

#### *- Contexto sociolingüístico externo: familias*

Algo máis da cuarta parte do alumnado é de familia inmigrante. Como aproximación, podemos dicir que a metade destas familias son latinoamericanas, e a outra metade marroquís. Entre as primeiras, case todas entenden bastante ben o galego desde o momento que chegan á nosa comunidade, aínda que, incluso no caso de levar anos vivindo aquí, seguen sen falalo de forma habitual no seu medio social

(amizades, traballo, etc), e desde logo nunca o empregan no ámbito doméstico; este último feito ten consecuencias negativas obvias na normalización do galego entre o noso alumnado.

En canto ás familias marroquí, moitas chegan a Galicia tras unha estancia en outras partes de España, polo que se desenvolven relativamente ben en castelán; a similitude entre castelán e galego posibilita que esta xente non teña demasiados problemas para entender este último, pero en ningún caso chegan a falalo cos seus fillos.

Este panorama familiar afecta, como dixemos ó comezo, a máis dunha cuarta parte do noso alumnado, feito que converte ó Centro Agarimo nunca rareza dentro do contexto da normalización do galego na ensinanza.

En canto ó resto das familias, todas son de orixe galega, aínda que a totalidade de elas sabe falar e ler en galego, e tres cuartas partes escribilo, só un terzo o falan no fogar, e unha proporción aínda menor no traballo. Este perfil acércase máis ó propio dunha cidade que ó común na poboación de ámbito rural, e sen dúbida é reflexo dun cambio social no entorno de Arteixo.

- *Contexto sociolingüístico interno: alumnos e profesores*

• *Alumnos:*

A proporción de alumnado estranxeiro no noso centro multiplica por nove a existente en Galicia, e, máis significativo aínda, é catro veces superior á proporción de poboación inmigrante no concello de Arteixo.

Esta superpoboación de alumnado inmigrante fai particularmente difícil o proceso de normalización da lingua galega. Por unha parte os alumnos de procedencia marroquí enfrontan a dificultade de aprender dúas linguas, ou, no mellor dos casos, deféndense en castelán por vir doutra rexión española, pero escúdanse na súa condición para non ter que empregar unha segunda lingua “estranxeira” que non consideran necesaria por minoritaria; por outra parte, os

inmigrantes latinos, que por suposto dominan o castelán falado, teñen un nivel de alfabetización moi deficiente na meirande parte dos casos, e moi pouca vontade de empregar unha lingua da que consideran que poden prescindir para desenrolarse laboralmente.

O panorama non é moito máis alentador dentro do alumnado español do centro, galego na súa totalidade. Apenas unha pequena parte dos nosos alumnos non inmigrantes falan galego fora da aula, a pesar de que todos eles naceron e viven fora da cidade (aínda que preto dela). aínda que na aula procúrase que falen en galego, isto non parece ter ningunha consecuencia nos seus hábitos lingüísticos.

- Profesores:

Constátase unha actitude positiva cara á normalización do galego.

## **2. Interaccións comunitarias**

Todos os escritos do centro, tanto oficiais como extraoficiais, realízanse en galego. Oralmente téndese a mudar de lingua dependendo das persoas e das circunstancias, xa que este centro conta con moitas familias inmigrantes.

## **3. Conclusión**

Segundo toda esta información, o centro C.P.R. Agarimo atópase nun entorno castelán falante ubicado na área metropolitana da Coruña. As medidas tomadas para realizar este proxecto lingüístico son, polo tanto, para un centro castelán falante.



## **PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA**

Segundo o decreto 124/2007, no centro estase a cumprir o establecido nos seus artigos 7º e 8º, no que se refire á utilización en galego dos libros de texto e dos diversos materiais curriculares empregados , na Secundaria para persoas Adultas (ESA), na FPB, e nas aulas de Educación Especial.

No noso centro facilitamos ó alumnado, todo o material necesario para as distintas materias; todo ese material curricular (libros de texto, apuntamentos...) empregado nas distintas etapas, Educación secundaria, FPB e EE, será con carácter xeral en galego e partindo das peculiaridades específicas do centro elabórase unha planificación lingüística apropiada para que se poidan superar as posibles problemáticas que impidan un logro da normalización lingüística.

En canto o uso da lingua galega nas aulas do noso centro, e tendo en conta a situación lingüística descrita, planifícanse uns obxectivos adaptados á consecución da porcentaxe na normativa.

### **Obxectivo do proxecto**

O obxectivo xeral será que tódolos alumnos/as adquiran unha axeitada competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.

### **Obxectivos nas aulas de necesidades específicas de apoio educativo.**

O artigo 8º do Decreto 124/2007 establece que en toda etapa da educación primaria garantírase o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega.

- *Obxectivo xeral:* Que o alumnado adquira, dentro das súas posibilidades, unha axeitada competencia nas dúas linguas oficiais.
  
- *Obxectivos específicos*
  - Iniciación á lecto-escritura en galego.
  - Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito como instrumento para a comunicación.
  - Que o profesorado aplique as estratexias necesarias para traballar un contexto bilingüe.
  
- *Actividades*
  - Lecto-escritura.
  - Fomentar a utilización do galego, a través de actividades de carácter creativo: contos, gravacións audiovisuais, dramatización de textos...
  
- *Recursos*
  - Material seleccionado de lecto-escritura.
  - Material variado en galego para o alumnado e profesorado.
  
- *Temporalización:* Todo o curso escolar.

## **2. Obxectivos para a Educación Secundaria para Persoas Adultas (ESA)**

- *Obxectivo xeral:* Conseguir un dominio de bilingüismo que lles permita ós alumnos/as empregar con fluidez calquera das dúas linguas ao remate da educación secundaria.
  
- *Obxectivos específicos*

- Utilizar a lingua galega oralmente e por escrito como instrumento para a comunicación.
  - Valorar a lingua galega como propia de Galicia comprendendo as circunstancias históricas que condicionan a súa evolución.
  - Coñecemento dos elementos culturais máis significativos de Galicia.
  - Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega sen prexuízos para reforzar así a estima pola lingua e aumentar a súa demanda.
  - Que o profesorado teña interese por aumentar a súa capacidade lingüística e así poder empregala na súa actividade docente.
  - Eliminación de prexuízos e adquisición dunha boa competencia oral da lingua galega.
- *Recursos*
    - Material de normas de ortografía.
    - Facer uso en galego das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
    - Dicionarios.
  - *Temporalización:* Todo o curso escolar.

### **3. Obxectivos para a FPB**

- *Obxectivo xeral:* Conseguir un dominio de bilingüismo que lles permita os alumnos/as empregar con fluidez calquera das dúas linguas.

- *Obxectivos específicos*
  - Lecto-escritura da lingua galega.
  - Empregar a lingua galega oralmente e por escrito como instrumento para a comunicación.
  - Que o profesorado aplique estratexias para traballar nun contexto de ensino bilingüe.
  - Eliminación de prexuízos se os houbera, e adquisición dunha boa competencia oral da lingua.
  
- *Recursos*
  - Material seleccionado de lecto-escritura.
  - Dicionarios de todo tipo.
  - Manual de normas de ortografía.
  
- *Temporalización:* Todo o curso escolar.

#### 4. **Avaliación para todos os niveis do centro.**

Haberá que ter en conta a experiencia persoal do alumnado como a experiencia do profesorado como punto de partida para os novos aprendizaxes. Recolleranse ideas e propostas para o ano que ven.

#### 5. **Metodoloxía para todos os niveis do centro.**

Inclinámonos por unha metodoloxía aberta e flexible, o profesor como modelo, por iso é importante mostrar unha actitude positiva no emprego da lingua galega.

Fomentar a motivación e o interese do alumnado por expresarse en galego é outra medida a tomar.

## **DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

A dinamización lingüística nun centro educativo consiste no desenvolvemento dun conxunto estruturado de actividades que ten como obxectivo crear as condicións que aseguren aposta en marche e mais o funcionamento da planificación lingüística educativa, tal como se recolle no Decreto 124/2007.

### **1. Obxectivos para a dinamización lingüística.**

- A implicación de toda a comunidade educativa neste proxecto.
- Fomentar o uso social da lingua galega, principalmente nos usos orais.
- Avaliación continua das actividades realizadas durante o curso.
- A eliminación dos prexuízos sociolingüísticos.

### **2. Actividades**

- Ter ben dotada a biblioteca do centro fomentando o seu uso .
- Campañas de motivación lectora.
- Poñer ao alumnado en contacto coa realidade do entorno.
- Ter ben dotado de material audiovisual o centro para que se coñezan as producións galegas.
- Dar prioridade á utilización das tecnoloxías da información a da comunicación.

- Realización da programación e elaboración das seguintes celebracións:
  - Nadal: realización de felicitacións do Nadal en galego.
  - Celebración do día da paz.
  - A festa do Entroido.
  - Semana das letras galegas: realización de murais, lecturas, aproximación o coñecemento do autor o que se lle dedica o día.
  - Participación en campañas institucionais de temas relacionados co proceso normalización.